

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE XANEIRO DE 2023

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00004425Z.

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria de data 23 de xaneiro de 2023.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043784T.

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para a segregación de parcela sita na Rúa da Mira, 30.**

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 01 de decembro de 2022 outorgada ante Notario co número de protocolo tres mil oitenta setenta e dous. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 19/07/2022 e documentación achegada o 02/12/2022, a segregación de parcela sita na Rúa da Mira, 30 Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

- **PARCELA RESULTADO parcela 212- A (resto de finca matriz) sup. Bruta: 802 m<sup>2</sup> sup. Neta: 717 m<sup>2</sup> sup. cesión: 85 m<sup>2</sup>**
- **PARCELA RESULTADO parcela segregada 212-B sup. bruta: 859 m<sup>2</sup> sup. neta: 775 m<sup>2</sup> sup. Cesión: 84m<sup>2</sup>**

**Cesión ó Concello = 166,00 m<sup>2</sup>**

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00050754M.

#### **Licenza para a construción de piscina Rúa Aramio, 22.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 02/11/2021, a construción de piscina Rúa Aramio, 22 Santiago de Compostela ( A Coruña),cun orzamento de execución material de 6.906,00 €,

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00026390V.

#### **Parcelación das fincas sitas en Lg de Frenza – Santa Cristina de Fecha.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento de data de visado do 14/07/2022 e documentación achegada o 23/07/2022, a parcelación de dúas fincas sita en Lg de Frenza – Santa Cristina de Fecha Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

- **PARCELA RESULTADO AGRUPACIÓN FINCA 80.** Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie Neta 1.162m<sup>2</sup>s.
- **PARCELA RESULTADO AGRUPACIÓN FINCA 5073.** Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleo rural. Superficie Neta 720m<sup>2</sup>s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

**5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015387N.**

**Reconstrución muro contención de terras en Piñeiro, 13A.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente cun orzamento de execución material de 5.228,74 e conforme proxecto básico e de execución de data de visado do 22/09/2021 e Plano Modificado 05 visado o 16/12/2021 e documentación achegada do 09/01/2023, a reconstrución de muro de contención de terras na parcela sita en Piñeiro 13A, na parroquia de San Cristovo do Eixo Santiago de Compostela ( A Coruña).

**6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00056233X.**

**Licenza para construción de vivenda unifamiliar en LG Folgoso.**

Acórdase conceder licenza para realizar a construción de vivenda unifamiliar na finca sita no Lg Folgoso, Santiago de Compostela (A Coruña), segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/11/2021 e o Anexo visado o 16/09/2022, cun orzamento de execución material de 196.247,49 euros

**7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00058402J.**

**Licenza para a demolición de vivenda unifamiliar situada na Rúa Ulla, 15.**

Acórdase conceder a PROVISAN SL licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 09/12/2022, cun orzamento de execución material de 2.422,48 euros, a demolición de vivenda unifamiliar situada na Rúa Ulla,15 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1755/2019.**

**Licenza para a instalación dun ascensor no interior do edificio de vivendas colectivas na Rúa Celso Emililo Ferreiro, 3.**

Acórdase conceder á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CELSO EMILIO FERREIRO 3, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto Básico e de Execución, con selo de visado de data 09/11/2022, cun orzamento de execución material de 86.200,00, a instalación de ascensor no interior do edificio de vivendas colectivas da Rúa de Celso Emilio Ferreiro nº 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00024193M.**

**Licenza para execución de muro de contención de terras no Lg Outeiro de Marrozos.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico e de execución de data de visado 11.05.2022 e documentación complementaria de data de visado do 19.10.2022., cun orzamento de execución material de 2.940,00 €, á execución de muro de contención de terras en Lugar Outeiro de Marrozos, Santiago de Compostela (A Coruña).

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00002751L.**

**Aprobación do expediente de contratación de “Autorización para a ocupación de vía pública para colocación de postos de atraccións na alameda durante as festas da Ascensión e do Apóstolo”.**

Apróbase o expediente de licitación da *Autorización para a ocupación de vía pública para colocación de postos de atraccións na alameda durante as festas da Ascensión e do Apóstolo*, e acórdase abrir o procedemento aberto de adxudicación, establecéndose un canon mínimo de 219.180,00 €.

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048421Z.**

**Aprobación do expediente de contratación “Servizo SaS (software como servizo) de interconexión de rexistros (SIR) entre o concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas”.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “*Servizo SaS (software como servizo) de interconexión de rexistros (SIR) entre o concello de Santiago de Compostela e o resto de Administracións Públicas*” cun orzamento base de licitación de **32.670,00 €** (base impositiva de 27.000,00 € máis IVE do 21% de 5.670,00 €).

Segundo.- Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro.- Autorizar o gasto correspondente a este contrato por importe de 32.670,00 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 920001 2270600, coa seguinte desagregación anual:

<b>Anualidade</b>	<b>Importe</b>
2023	8.167,50 €
2024	10.890,00 €
2025	10.890,00 €
2026	2.722,50 €
<b>TOTAL</b>	<b>32.670,00 €</b>

No caso de traballos de carácter plurianual, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047334N.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva).**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 735,93 € mais IVE (890,48 €), e importe anual de 10.685,76 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2023, por importe de 10.685,76 € (10.109,40 € + 576,36 € de revisión de IPC) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047748N.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos).**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 622,49 € mais IVE (753,21 €), e importe anual de 9.038,52 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2023 de 487,44 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS E CONSTRUC.

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047409H.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte).**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 683,03 € mais IVE (826,47 €), e importe anual de 9.917,64 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a prórroga e revisión do IPC da renda deste contrato para a anualidade 2023, por importe de 9.917,64 € (9.382,80 € + 534,84 € de revisión de IPC) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047383S.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte).**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 769,95 € mais IVE (931,64 €), e importe anual de 11.179,68 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2023 de 602,88 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ARRENDAMENTOS.

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).**

Acórdase: Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 750,27 € mais IVE (907,83 €), e importe anual de 10.893,96 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2023 de 587,52 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS. EDIFICIOS E CONSTRUC.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047869H.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral).**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 10 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 750,48 € mais IVE (908,08 €), e importe anual de 10.896,96 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente de subida para a anualidade 2022 de 587,64 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 202000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00054277D.**

**Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas.**

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas Novas, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2021 e decembro de 2022, que supón un incremento relativo do 5,7%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 20 de xaneiro de 2023 no importe mensual de 508,56 € mais IVE (615,36 €), e importe anual de 7.384,32 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 377,14 € para o período do 20/01/2022 ata 31/12/2022 e de 21,02 € para o período 01/01/2023 ata 19/01/2023 que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 050 33403 202000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, reservándose estas cantidades en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

**19. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00003271X.**

**Designación de representantes do Excmo. Concello de Santiago de Compostela na Fundación Kaleidos.Red.**

Acórdase:

PRIMEIRO. Designar como representantes destas Corporación na Fundación Kaleidos.Red á concelleira de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural, Políticas de Igualdade e Centros Socioculturais, dona Mercedes Rosón Ferreiro e ó concelleiro de Educación, Mocidade e Políticas Lingüísticas, don Rubén Prol Mariño.

SEGUNDO. Notificar este acordo á Fundación Kaleidos.Red para que se facilite a información ao Rexistro de Fundacións correspondente.

**20. MOCIDADE. Referencia: 2023/00003768R.**

**Aprobación da adhesión do Concello de Santiago de Compostela á Rede Europea de Cidades Universitarias.**

Acórdase:

Primeiro. Participar na Rede Europea de Cidades Universitarias.

Segundo. Aprobar a carta constitutiva desta Rede adoptada en Bruxelas o 13 de maio de 2022, anexa á presente deliberación.

Terceiro. Encomendar ao Departamento da Mocidade a realización das accións que dela resulten.

Cuarto. Autorizar á Concellería de Educación, Mocidade e Política Lingüística a adoptar as actuacións necesarias que sexan da súa competencia para a execución dos acordos tomados como resultado da participación na Rede Europea de Cidades Universitarias.

Santiago de Compostela é socio de moitas cidades europeas no fortalecemento dos lazos en Educación e é Cidade Educadora da Asociación Internacional de Cidades Educadoras. A cidade tamén se atopa actualmente na tarefa de incrementar as súas colaboracións con outras cidades europeas como Reims, membro activo da *Association des Villes Universitaires de France (AVUF)*. A principal actividade de AVUF é representar os intereses das cidades membros en temas de educación superior, pero tamén crear un espazo de diálogo e traballo sobre estes temas.

Co fin de promover a mobilidade internacional dos estudantes, a AVUF iniciou a principios de 2021 a constitución dunha Rede Europea de cidades universitarias cuxas principais misións son:

- Fomentar o intercambio e a reflexión entre os actores da mobilidade a nivel local sobre os mecanismos de apoio á mobilidade internacional
- Crear unha intelixencia colectiva para mellorar as políticas locais de fomento da mobilidade

A Carta constitutiva da Rede Europea de Cidades Universitarias adxunta á presente deliberación foi adoptada en Bruxelas polos membros fundadores da Rede o 13 de maio de 2022.

3. Prevé 5 compromisos para as cidades ou mancomunidades que desexen participar na Rede:

1. Contribuír ao intercambio de boas prácticas e contactos entre cidades socias a escala europea para aumentar o apoio aos plans de mobilidade,
2. Mellorar as condicións para realizar a mobilidade, pero tamén o apoio ás persoas antes, durante e despois das súas experiencias de mobilidade
3. Diversificar os itinerarios de mobilidade, para que non se limiten ao marco "Erasmus+", e en consecuencia introducir aos colectivos desfavorecidos nas políticas de apoio e desenvolvemento da mobilidade,
4. Enriquecer os itinerarios de mobilidade e fomentar neles unha dimensión xenuinamente cidadá, co fin de crear vínculos duradeiros entre as persoas en mobilidade e os territorios de acollida e de partida,
5. Fomentar a consulta e a cooperación con todos os actores susceptibles de estar involucrados na mobilidade.

Coa súa participación nesta Rede, Santiago de Compostela convértese en membro da mesma e mostra así a súa implicación na dinamización do conxunto da Educación Superior, a Investigación e a Innovación, ofrecendo a todos os estudantes e á mocidade novas oportunidades de mobilidade internacional e fomentando a apertura de todas institucións de educación superior a asociacións internacionais.

A posta en marcha realizarase no marco da Concellería de Mocidade.

A participación na rede non supón por si mesma ningunha carga económica para o Concello de Santiago de Compostela, nin para ningunha das partes implicadas, e as accións que se adquiriran pola adhesión, non conlevan as implicacións e compromisos, contidos obrigatorios, que supón a sinatura dun convenio.

## **21. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00004149Z.**

**Aprobación da solicitude á Deputación da Coruña para o Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2023 (FO207/2023).**

Acórdase:

1. Solicitar unha subvención de 10.000,00 € para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2023.
2. Autorizar para que a Deputación da Coruña poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

*A Deputación da Coruña publicou no BOP do día 16 de xaneiro de 2023 (BOP núm 10) a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2023 (FO207/2023).*

## **22. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2023/00000413B.**

**Aprobación do gasto do concurso Decoración de Nadal Veciñal do Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase o gasto do concurso *Decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela* por importe de **2.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 060 33404 4890100/2023

## **23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00002448S.**

**Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PO 330/2021 CA1.**

Dase conta do PO 330/2021 CA1.

Obxecto: denegación licenza para legalización cuberta de piscina.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

O demandante, no lugar de Laraño, derribou un alpendre para a construción dunha piscina con cuberta. O primeiro intento de legalización levou informe desfavorable de urbanismo, denegándose. Impugnada na vía contenciosa, a resolución administrativa foi confirmada por sentenza do Xulgado nº 1.

Desta segunda volta, modificada a cuberta, os informes de urbanismo e arqueoloxía municipais foron favorables. Pero o informe de Patrimonio (inmable catalogado), da Xunta de Galicia, foi desfavorable. Ao tratarse dun informe preceptivo e vinculante, o Concello non tiña outra solución que denegar, como acto debido, a licenza de legalización.

O interesado recorre a resolución municipal, alegando falta de motivación no informe de Patrimonio. Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de apelación. Por dilixencia de ordenación, do 13.01.2023, confírmase a súa firmeza. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

**24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00003631W.**

**Dación de conta do Auto recaído no PO 341/2022 CA1.**

Dase conta do Auto do 18.11.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 341/2022

Obxecto: Resolución 2022/6325, do 1.06.2022, pola que se ordena o cese de uso da vivenda ilegal —vivenda de uso turístico— sita na Avenida de Vilagarcía nº 15, 5º, baixo apercibimento de execución forzosa e precinto no prazo de 24 horas.

A resolución é FAVORABLE aos intereses municipais, ao declarar caducado o recurso contencioso-administrativo por falta de formalización da demanda.

O Auto de caducidade foi declarado firme mediante dilixencia de ordenación de data 22.12.2022, polo que non cabe a interposición de recurso ningún. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Inspección e Disciplina Urbanística) aos efectos oportunos

**25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00004244V.**

**Dación de conta da sentenza recaída no PO 397/2020 CA1.**

Dase conta da Sentenza 420/2022 (declarada firmeza por Dilixencia de Ordenación do 23.02.2023). Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 397 /2020

Obxecto: Impugnación licenza de obras de acondicionamento dun local destinado a bar na rúa Travesa do Franco nº 3 Baixo de Santiago de Compostela  
SENTIDO DA RESOLUCIÓN. Favorable ao Concello: Desestima integramente o recurso e lle impón as custas procesuais aos demandantes. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Licenzas para o seu coñecemento e constancia

**26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043647R.**

**Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PA 285/2022 CA2.**

Dase conta da Sentenza 269/2022 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2 e Auto aclaratorio do 9.01.2023. Procedemento abreviado 285/2022

Obxecto: Contra desestimación por silencio de recurso de reposición interpuesto fronte a solicitude de rectificación y devolución de ingresos indebidos fronte a autoliquidación de IIVTNU  
Cuantía: 5.981,24 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de xestión tributaria para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022)

**27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00002452L.**

**Dación de conta da sentenza recaída no PA 346/2022 CA1.**

Dase conta da Sentenza nº 499/2022. PA 346/2022 CA1

Obxecto: sanción de 100€ por non portar máscara.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución.

**28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00013764H.**

**Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 459/2019 CA1.**

Dase conta da Sentenza 488/2022 do 12.12.2022. Procedemento Abreviado 459/2019

Obxecto: Contra desestimación por silencio de rectificación de autoliquidación de IIVTNU por ingreso indebido.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento Xestión tributaria para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

**29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00003431D.**

**Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 2/2022 Social 3.**

Dase conta da Sentenza nº 524/2022. PO 2/2022 Xulgado Social nº 3

Obxecto: diferenzas retributivas C1-20 e A2-22.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

**30. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00004425Z.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 20 ao 26 de xaneiro de 2023.

**URXENCIAS**

**31. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00051430X**

**Aprobación do proxecto técnico de “Acondicionamento das pistas deportivas da Avenida Rodríguez de Viguri”.**

Acórdase:

Aprobar o proxecto de “Acondicionamento das pistas deportivas da Avenida Rodríguez de Viguri”, cun orzamento total de execución material (fase I + fase II) de 174.863,35 euros, coas seguintes condicións:

- ORZAMENTO TOTAL

O orzamento Base de Licitación é por valor de 208.087,39 € + 21% de IVE.

- ORZAMENTO FASE I

O orzamento Base de Licitación é por valor de 39.570,33 € + 21% de IVE.

- ORZAMENTO FASE II

O orzamento Base de Licitación é por valor de 168.517,06 € + 21% de IVE.

- O prazo de execución previsto é de 9 semanas, estimando un prazo aproximado de 3 semanas para a fase I e 6 semanas para a fase II.

Este prazo establécese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, a vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactaran os novos prazos correspondentes coherentemente cós tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

- Non é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €.



- Debe incluírse unha cláusula na que o adxudicatario asuma as cargas financeiras correspondentes ó realoxo de vehículos particulares de garaxes e aparcamentos privados así como calquera compensación que puidera xerar o peche temporal de accesos a aparcamentos públicos.
- Non debe incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adxudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ó tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adxudicatarias para realizalos traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, entendo que a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos.
- En canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa, no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debe ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego.

## **32. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00044093X**

### **Acceso a expedientes administrativos (RH)**

Acórdase ditar resolución no sentido indicado na proposta da Instrutora do expediente.